

A Real Academia Galega (RAG) dedicará o Día das Letras Galegas 2023 a Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzán, 1913 - Vigo, 2010). Así o decidiu o pleno da institución reunido este sábado en sesión ordinaria.

Segundo detallou a RAG, o pleno acordou homenaxear a Fernández del Riego o 17 de maio, coincidindo coa celebración do 60 aniversario do primeiro Día das Letras Galegas, do que foi inspirador, e o 110 aniversario do seu nacemento. Fernández del Riego foi membro da nova xeración de intelectuais que deu continuidade á ideoloxía do Grupo Nós. "Francisco Fernández del Riego foi un loitador cultural incansable que se converteu nunha auténtica institución do país, respectada por todos e aberta ás diversas manifestacións do galeguismo", destacou a entidade.

A principios dos anos 50 foi un dos fundadores da Editorial Galaxia e na última etapa da súa vida presidiu a Real Academia Galega (1997-2001).